

Estimado responsable da materia de “Tecnoloxía e Enxeñaría”,

Diríxome a ti na miña calidade de recentemente nomeado director do grupo de traballo, con respecto á recente reintrodución da materia "Tecnoloxía e Enxeñaría II" no plan de estudos do Bacharelato, de acordo coa Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real Decreto 243/2022, do 5 de abril.

A reaparición desta materia é un paso significativo na mellora da educación secundaria e, en particular, na formación dos estudantes no campo da tecnoloxía e a enxeñaría. Esta materia non só promove o interese e as vocacións en áreas cruciais para o desenvolvemento futuro da nosa sociedade, senón que tamén brinda ao estudantado a oportunidade de adquirir habilidades prácticas e coñecementos teóricos fundamentais que lles serán de gran utilidade no seu futuro académico e profesional.

Na sociedade actual, o desenvolvemento tecnolóxico impulsado pola enxeñaría converteuse nun pilar fundamental para a evolución sociocultural. A tecnoloxía, que abarca coñecementos e técnicas para satisfacer necesidades, adquiriu cada vez máis relevancia en diversos ámbitos, desde a produción de bens básicos ata as comunicacións. Este avance tecnolóxico busca mellorar o benestar e as estruturas económicas, reducindo desigualdades e brechas na sociedade. Para abordar os desafíos do século XXI e garantir igualdade de oportunidades, é esencial que a cidadanía adquira coñecementos científicos e técnicos.

A materia enfócase en proxectos de deseño e investigación que involucran a fabricación, automatización e mellora de produtos e sistemas. Para iso, a resolución de problemas interdisciplinarios mediante solucións tecnolóxicas é un elemento chave.

O estudantado familiarízase con ferramentas dixitais para o cálculo, simulación e control de sistemas tecnolóxicos. Abórdase o uso de tecnoloxías emerxentes, como a intelixencia artificial e o internet das cousas, para estudar, controlar e automatizar tarefas.

A materia de Tecnoloxía e Enxeñaría II busca fusionar estes saberes cun enfoque competencial. Estas inclúen competencias dixitais, matemáticas,

científicas e tecnolóxicas, así como outras habilidades transversais como a comunicación, o emprendemento e a cidadanía responsable.

Ademais, avalíase o impacto social e ambiental dos sistemas tecnolóxicos, promovendo o seu uso responsable.

A materia estrutúrase ao redor de sete bloques de saberes básicos, que abranguen a xestión de proxectos, a comunicación técnica e habilidades emocionais. Tamén inclúen o coñecemento de materiais e técnicas de fabricación sostible, sistemas mecánicos e eléctricos, informática avanzada, sistemas automáticos e a avaliación de tecnoloxías desde unha perspectiva de sustentabilidade.

Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de educación 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e os ensinos mínimos de bacharelato e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará para os futuros cambios nas maneiras de avaliar o alumnado.

Neste momento o Ministerio aínda non resolveu moitas cuestións, polo que en breves datas publicaremos un modelo de exame que poida servir de referencia para o persoal docente da materia nos vosos centros.

Pola miña banda aproveito este primeiro contacto para enviarche un cordial saúdo.

Guillermo Rey

Director do grupo de traballo "Tecnoloxía e Enxeñaría II"

guillermo.rey@uvigo.gal